

ACTA DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A REALIZACIÓN DO 2º EXERCICIO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO OPOSICIÓN DE 3 PRAZAS DE CONDUCTOR DE MOTOBOMBA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O CONCELLO DE MELIDE MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO)

En Melide, a 22 de xuño do 2026, sendo as 12.00 horas, reúnense baixo a presidencia de Juan Carlos Curros Vázquez, os seguintes integrantes da comisión seleccionadora que se constitúe para a realización do segundo exercicio para 3 PRAZAS DE CONDUCTOR DE MOTOBOMBA PARA O CONCELLO DE MELIDE MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO)

Presidente: Juan Carlos Curros Vázquez
Secretaria: M^a José Enjamio Vázquez
Vogal: Marta María Castro Tato
M^a José Ferro Gómez
Sylvia Cea Vázquez



O presidente declara constituída a comisión seleccionadora e aberto o acto acórdase proceder á: REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO QUE CONSISTE NUNHA PROBA ORAL

1. *Como conductor da motobomba do Concello de Melide, recibe o aviso dun conato de incendio forestal na parroquia de Folladela que avanza cara ao límite municipal. Que concello limítrofe atópase nesa dirección, a que Distrito Forestal pertence Melide e como planificaría a ruta de acceso segura desde o parque?"*
2. *"Durante un ataque directo nunha pista forestal de Melide, o vento rola ao revés inesperadamente e a cuadrilla queda atrapada polo lume co vehículo operativo. Explique detalladamente e por orde de prioridade o protocolo de actuación e autoprotección que debe executar dentro da cabina."*
3. *Se o incendio se propaga por unha ladeira cunha pendente pronunciada cara ao monte de San Salvador de Meire nun día con baixa humidade relativa, como afecta esta topografía ao triángulo do lume e que estratexia de extinción (ataque directo ou indirecto) aplicaríase prioritariamente coa motobomba?"*
4. *Experiencia profesional relacionada co posto de traballo e interese pola praza a que se opta.*

PUNTUACIÓN DE:	TOTAL
1. OSCAR V.A	2,50
2. SANTIAGO C.G	3,50

Este tribunal concede un prazo de 2 días hábiles para posibles reclamacións por parte dos aspirantes.

Convócase á comisión seleccionadora e aos aspirantes que superaron o 2º exercicio da fase de oposición para a realización da proba de galego o martes 23 de xuño de 2026 ás 11.00 h no Edificio Multiusos do Concello de Melide.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, dispoñendo o presidente que se redacte a presente acta que asinan os membros sendo as 12:27 do que eu, SECRETARIA, certifico.

Melide, 22 de xuño de 2026
A comisión seleccionadora.



